

### COMUNICADO DA XERENCIA SOBRE A NEGOCIACIÓN DE CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA RPT DO PAS LABORAL

O pasado 8 de setembro a Xerencia da Universidade de Vigo convocou aos comités de empresa do PAS Laboral a unha reunión o 21 de setembro, co fin de negociar os criterios e o procedemento para executar o previsto na Relación de Postos de Traballo aprobada polo Consello de Goberno o 22 de xullo.

Cómpre lembrar que a aprobación polo Consello de Goberno da RPT foi precedida por un proceso de negociación desenvolvido ao longo de máis dun ano e medio, no que se mantiveron 20 reunións de negociación entre a Xerencia e a parte social, e na que foi entregada, de forma sucesiva, documentación de distinto tipo, dende as bases sobre as que a Xerencia traballaba ata as propostas de RPT, que, dende a inicial ata a aprobada, sufriu modificacións froito das achegas e propostas da parte social. Tanto as actas como a documentación son de acceso público na web da Universidade de Vigo:

[http://persoal.uvigo.es/persoal\\_gl/PAS/organos/actas-rpt-laboral.html](http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/organos/actas-rpt-laboral.html)

A Xerencia xa non entendeu no seu momento a posición radicalmente contraria, por parte dos comités de empresa, ás diversas propostas presentadas, nin ao documento que finalmente se levou ao Consello de Goberno, que moi resumidamente supón a consolidación da inmensa maioría dos postos de traballo por riba da RPT, máis de 30, que teñen a súa orixe en necesidades que se foron creando ao longo dos últimos anos; supón a RPT aprobada a creación de novos postos de traballo e un incremento moi apreciable dos postos de responsabilidade así como de direccións técnicas e subdireccións. A proposta da Xerencia fai visible o esforzo da Universidade de Vigo pola consolidación dos postos de traballo, dentro dun marco financeiro de tremendas dificultades que para ninguén é descoñecido. Este esforzo non ten parangón noutras universidades públicas da nosa contorna.

Na reunión celebrada o mércores 21, os comités de empresa manifestaron que non ían participar en ningunha negociación que teña que ver coa RPT “imposta” pola Universidade. A Xerencia unha vez máis non puido facer outra cousa que manifestar o seu pesar por esta postura, e reiterar a súa disposición a chegar aos acordos precisos sobre a execución da RPT que faciliten a implantación da mesma, velando porque só sexan casos excepcionais os que poidan resultar nalgunha medida afectados de xeito negativo. A execución da RPT suporá para moitos compañeiros e compañeiras unha mellora considerable, e este é un feito que non se pode refutar. Os argumentos do recurso presentado polo Comité de Empresa de Pontevedra baséanse en puros formalismos, dando a impresión de que as verdadeiras razóns da oposición se

queren ocultar. Serán eles, os representantes dos traballadores e traballadoras, quenes as coñecerán e terán que dar as explicacións que o colectivo que representan lles demande.

A Xerencia segue a ter a man tendida para chegar a acordos sobre os criterios e o procedemento de execución da RPT, e manterá a man tendida mentres exista a posibilidade de negociar, pero sen renunciar a defender os intereses dunha administración pública que se debe á cidadanía e que está por riba dos intereses inexplicados e inexplicables dos sindicatos con representación nos comités de empresa desta universidade.

A Xerencia mantén o ofrecemento de que unha vez estean sentados os criterios para a execución da RPT do PAS laboral, se retome sen máis dilacións a negociación do proceso de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos, tal e como se anunciou que se faría, no marco dun proceso ordenado de adaptación da actual estrutura administrativa e de servizos ás necesidades presentes e futuras desta institución.

Para coñecemento de todo o PAS laboral, achégase xunto a este comunicado, os criterios de execución da RPT que foron entregados á parte social na reunión na que esta comunicou a súa decisión de non negociar nada. É este un documento de traballo que a Xerencia tiña a esperanza de poder mellorar coas achegas da representación do persoal.